

BEB

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2022063047
ASUNTO	PROGRAMA DEPO EN MARCHA 2023
TRÁMITE	APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ENTIDADES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

A deputada delegada de Cohesión Social, en aplicación da Resolución Presidencial de 1 de agosto de 2019 (nº rexistro 2019014186) sobre delegación de atribucións da Presidenta, e no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

• **ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓN TÉCNICAS:**

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores de 50 anos, xubiladas e pensionistas, no ámbito da educación non reglada, a través de distintos obradoiros, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo.

Neste contexto, o pasado 6 de febreiro de 2023 publicouse no BOPPO número 25, una nova edición do programa DEPO EN MARCHA 2023 na que se ofertan 130 obradoiros dirixidos ás entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra que reúnan os requisitos previstos na convocatoria.

2º.- Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o pasado 14 de marzo, revisadas e tramitadas as mesmas, de acordo có previsto na base décima da convocatoria e en virtude das competencias delegadas pola Presidencia por Resolución presidencial nº2019014186 de 1 de agosto de 2019 e, consonte a todo o exposto, segundo o establecido no artigo 36.1.d, da Lei de Bases de Réxime Local, e artigo 109.1.d, da Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, **RESOLVO**:

Primeiro. Aprobar a relación provisional de entidades admitidas e excluídas xunto coas causas de exclusión destas últimas, que figuran como anexo a esta resolución.

Segundo. Publicar a relación provisional, xunto coas causas da súa exclusión no BOPPO e na páxina Web da Deputación de Pontevedra.



Terceiro. Así mesmo, de conformidade co establecido na base 10, unha vez publicada a lista provisional, concederáse un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que falte; transcorrido este prazo, publicarase a listaxe definitiva de entidades admitidas e excluídas no BOPPO e na páxina web da Deputación de Pontevedra.

As instancias para emendar os motivos de exclusión deberán presentarse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Asinado dixitalmente na marxe

